

ORDENANZAS FISCAIS ANO 2009

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DOS LOCAIS SOCIAIS.

Artigo 1º.- CONCEPTO

De conformidade co previsto no art. 20.3 da lei 39/1988 de 28 de decembro reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial por parte de persoas físicas ou xurídicas alleas ó Concello, dos locais sociais existentes nas diferentes parroquias, para actividades privadas de todo tipo sexan ou non remuneradas.

Artigo 2º.- FEITO IMPOÑIBLE

Contitúe o feito imponible a utilización dos locais sociais existentes nas diferentes parroquias, para actividades privadas de todo tipo sexan ou non remuneradas.

Artigo 3º.- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art. 33 da LXT, que soliciten, provoquen ou que no seu interese redunden as prestacións ás que se refire a presente ordenanza

Artigo 4º.- RESPONSABLES

Responden solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os arts. 38.1 e 39 da LXT

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da LXT

Artigo 5º.- BASE IMPONIBLE E COTA TRIBUTARIA

1.- A cota tributaria será a resultante de aplica-las seguintes tarifas.

- A) Pola utilización dos locais sociais para actividades culturais, 3 € por día
- B) Pola utilización dos locais sociais para outro tipo de actividades, 5 € por día solicitado

Artigo 6º.- NORMAS DE XESTIÓN

O aboamento da taxa realizarase na Tesourería Municipal no momento de obter a autorización para a utilización do local social.

Artigo 7º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Para o tocante ás infraccións e sancións rexerá o disposto no art 77 e seguintes da LXT

Disposición final

A presente ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data de novembro de 2003, e entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2004 logo da publicación íntegra do BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación posterior.